

Expediente nº.: 204/2026

Procedemento: Convocatoria e Selección por Concurso (Persoal Laboral Temporal)]

Asunto: BASES SELECCIÓN DE PERSOAL AUXILIAR ADMINISTRATIVO DE SS.SS. 2026 -

Tipo de firma: ☒ Electrónica

Documento asinado por: Alcaldía

RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA

APROBACIÓN DE BASES REGULADORAS PARA A CONTRATACIÓN TEMPORAL, POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN, DUN/HA AUXILIAR ADMINISTRATIVO/A DO DEPARTAMENTO DE SERVIZOS SOCIAIS - URXENCIA

Ante a recente renuncia da traballadora que viña desempeñando o posto de auxiliar administrativo/a no departamento de Servizos Sociais deste Concello, así como das persoas integrantes da lista de agarda, resultan necesarias e urxentes a cobertura temporal do devandito posto, dadas as circunstancias ocasionais e imprevisibles xurdidas no citado departamento.

Esta contratación cofinanciase con cargo ao Plan de cofinanciamento dos servizos sociais comunitarios municipais da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2026 (BOPPO nº 6, de 12 de xaneiro de 2026), a través do cal se subvenciona o servizo de axuda no fogar (SAF) básico dos concellos de menos de 20.000 habitantes e a contratación de persoal que teña a condición de empregado público e desenvolva o seu labor dentro dos equipos municipais de servizos sociais comunitarios, conforme ao artigo 37 do Decreto 99/2012.

Visto que se formularon as bases reguladoras para a contratación temporal, por circunstancias da produción e con carácter urxente, dun/dunha auxiliar administrativo/a (Grupo IV) para o departamento de Servizos Sociais, mediante o sistema selectivo de concurso de méritos, cun contrato do modelo 502, xornada do 50% e duración de corenta e dous (42) días naturais, cuxo texto íntegro consta incorporado ao expediente administrativo de referencia.

Considerando que as devanditas bases se axustan ao disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP); na Lei 2/2015, do 29 de abril, do Emprego Público de Galicia (LEPG); no Real Decreto 896/1991, do 7 de xuño; no Real Decreto 2271/2004, do 3 de decembro; e demais normativa concordante de aplicación.

En uso das atribucións que me confire o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, así como a demais normativa de xeral e concordante aplicación,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras para a contratación temporal, por circunstancias da produción e con carácter urxente, dun/dunha auxiliar administrativo/a do departamento de Servizos Sociais deste Concello, mediante o sistema selectivo de concurso de méritos, cuxo texto íntegro se incorpora como anexo a presente Resolución e ao expediente nº 204/2026.



Segundo.- Convocar o correspondente proceso selectivo, que se rexerá integramente polas bases aprobadas no punto anterior.

Terceiro.- Ordenar a difusión da oferta de emprego a través da Oficina de Emprego, aos efectos da preselección das persoas candidatas que cumpran os requisitos establecidos para o acceso ao posto.

Cuarto.- Publicar as presentes bases, na súa integridade, no Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Meis (<https://meis.sedelectronica.gal/>), para xeral coñecemento.

Quinto.- Establecer que o prazo de presentación de solicitudes será de tres (3) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación das bases no citado Taboleiro de anuncios da Sede Electrónica, debendo presentarse conforme ao modelo de instancia que figura como Anexo I das bases.

Sexto.- Dar traslado da presente Resolución ao departamento de persoal e aos servizos económicos municipais, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Sétimo.- Dar conta da presente Resolución ao Pleno deste Concello na próxima sesión ordinaria que se celebre, de conformidade co preceptuado no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Así o manda e asina a Sra. Alcaldesa-Presidenta, en Meis, na data que figura á marxe deste documento asinado electronicamente, do que a Secretaría toma razón aos únicos efectos de dar fe pública e transcripción ao Libro de Resolucións.

A Alcaldesa
Asdo.: Marta Giráldez Barral

A Secretaria-Interventora
Asdo.: María Gómez García

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

